

Ferrol celebrou con poesía os primeiros 175 anos de Rosalía de Castro

SÁBADO, 25 DE FEBRERO DE 2012 00:00



REDACCIÓN > FERROL .

No 175 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, a figura máis importante da historia da literatura galega, Ferrol quixo participar da homenaxe a través de dúas entidades culturais con presenza na cidade.

Así, na Galería Sargadelos, a Asociación de Escritores en Lingua Galega levou a cabo unha lectura poética da obra da autora de “Cantares Gallegos”, coa participación de Rosa Martínez Dios, Xosé Leira, Rosa Méndez e Carlos Outeiro, da Mesa Pola Normalización Lingüística. Méndez deu

lectura ao manifesto conxunto da AELG neste Día de Rosalía, no que se reivindicaba o valor e actualidade da obra da poeta padronesa. Ademais a asociación invitou á xente a regalar libros en galego e flores como xeito de institucionalizar esta data.

Por outra banda, na Capela do Centro Torrente Ballester, a asociación cultural Medulio levou a cabo outra homenaxe a Rosalía nun acto no que a palabra se acompañou da imaxe. Así, o renacido grupo de teatro da entidade deu lectura a algúns poemas e escenificou outros dentro do espectáculo propio denominado “O mundo segundo Rosalía”. Ademais da palabra a iniciativa contou con proxeccións visuais de motivos relacionados coa escritora. Precisamente, a finais do mes de abril Medulio realizará unha excursión aos lugares máis destacados da biografía rosaliana.